Declaración Institucional 8 DE MARZO DE 2026

Ás portas do 8 de marzo de 2026, esta Corporación volve atoparse nas rúas, nos centros de traballo, nas aulas e tamén nas redes, convocada por unha certeza política e moral: *"a igualdade entre mulleres e homes segue sendo unha tarefa pendente"*. A ofensiva global contra os dereitos das mulleres, alimentada pola ultradereita e polos discursos negacionistas, pretende presentar a igualdade como un privilexio e non como un dereito democrático básico. Cada paso atrás nos dereitos das mulleres é un golpe contra a democracia mesma.

A realidade das mulleres galegas continúa marcada por desigualdades estruturais no ámbito laboral, económico, social e político. Persisten a fenda salarial, a precariedade, a feminización da pobreza e a desigualdade nas pensións, situacións que se agravan no rural pola menor dispoñibilidade de servizos públicos e políticas específicas. Esta Corporación reafirma o seu compromiso firme coa promoción da igualdade real e efectiva e coa erradicación de todas as formas de discriminación.

Vivimos nun mundo atravesado por pantallas, redes e algoritmos que condicionan o traballo, as relacións e mesmo as emocións. Neste novo escenario, as mulleres construímos comunidade, creatividade e resistencia, mais tamén somos obxecto dunha hostilidade crecente. *"A machosfera dixital converteuse nunha rede organizada de acoso e odio"* que busca expulsar ás mulleres do espazo público. Sete de cada dez mulleres novas sufriron violencia en liña no Estado español, unha violencia que non é menos grave por ser virtual.

As redes sociais convertéronse no principal espazo de socialización da infancia e da adolescencia. Urxe unha coeducación que chegue á esfera dixital, que forme en pensamento crítico fronte aos discursos machistas e que ensine a mirar con ollos feministas os corpos, os algoritmos e as mensaxes que circulan pola rede. As nenas deben medrar libres de estereotipos e sen seren convertidas en mercadorías para plataformas que se lucran coa súa exposición.

Esta Corporación reitera o seu rexeitamento a espazos que branquean o negocio do sexo e normalizan a explotación sexual ou a cousificación do corpo feminino. É imprescindible educar aos nenos en novas formas de ser homes, afastadas do control, da dominación e da violencia. Do mesmo xeito, alertamos fronte ao rexurdimento de discursos que presentan a submisión feminina como liberación: *"a submisión non é empoderamento"*.

No ámbito da violencia de xénero, o incremento de feminicidios no ano 2025 e a ausencia de respostas extraordinarias por parte dos poderes públicos evidencian a necesidade de reforzar as políticas de prevención, protección e reparación. Denunciamos o retroceso, o negacionismo machista e a banalización da violencia, e recoñecemos o papel esencial das redes de sororidade e do feminismo organizado na defensa dos dereitos das mulleres.

A transformación dixital ofrece oportunidades, pero non será liberadora se reproduce as desigualdades de sempre. É necesario avanzar cara a unha axenda feminista para a era tecnolóxica, que inclúa a regulación das plataformas, a responsabilidade das corporacións tecnolóxicas e a protección efectiva da infancia e da adolescencia fronte aos contidos sexualizados e violentos. A igualdade dixital é condición imprescindible para a igualdade real.

O feminismo naceu para conquistar o espazo público e hoxe reivindica tamén a conquista do espazo virtual. Porque sen igualdade na rede non haberá igualdade na vida. Porque o futuro, se quere ser humano, terá que ser feminista. E porque se o patriarcado se reinventa, nós tamén.

Por todo isto, esta Corporación afirma con rotundidade que non dará *"nin un paso atrás fronte ao odio e a reacción"* e que sempre plantará cara a calquera tipo de violencia exercida contra as mulleres polo mero feito de selo.